



Considerando que o Museo pode e debe ser unha ampliación das aulas, incluso entendendo a súa visita ó mesmo como "actividade extraescolar", este MUSEO ARQUEOLÓGICO DO CASTRO DE VILADONGA ofrece un *Programa de Acción Didáctica* dirixido, por un lado, a fomenta-lo coñecemento do xacemento castrexo e galaico-romano de Viladonga e do seu Museo, e por outro, a facilitar e potencia-las actividades sobre os mesmos.

Coa Unidade Informativa para o profesorado e as Fichas de traballo para o alumnado que aquí se facilitan **a xeito de suxerencia**, inténtanse que os Centros Escolares (de Ensino Primario, Secundario ou de Bacharelato, por medio das súas Áreas, Departamentos ou Seminarios correspondentes), programen e preparen previamente as visitas, cadaquén ó seu nivel escolar, podendo tamén estender esta actividade educativa a traballos, enquisas, redaccións, debuxos, etc., feitos antes ou despois daquelas. Déixase, pois, a discreción do Profesorado a elección e deseño dos traballos e actividades a realizar, tanto desde o punto de vista dos contidos conceptuais coma no que refire ós aspectos procedimentais e actitudinais. En calquera caso, sería de moita utilidade para este Museo coñece-las reaccións, motivacións, respostas e experiencias ás que se poida chegar neste sentido, tanto a nivel global como a título individual, de profesor/es e/ou alumnos. A este respecto, agradecerase a cumprimentación, por parte do Profesorado, da Folla de Evaluación que acompaña este Programa de Acción Didáctica.

A finalidade deste Programa é axudar a completa-las ensinanzas recibidas nas aulas cun tipo de actividade didáctica de carácter práctico, como introducción á investigación histórica, en contacto directo, neste caso, cos materiais arqueolóxicos como fonte que son de coñecemento da Historia e, en concreto, da Cultura Castrexa e Galaico-romana.

Diríxese, ademais, a facer coñecer ó alumno unha parte importante do Patrimonio Cultural de Galicia, co fin de que se poida valorar, protexer, entender e conservar como é obrigado moral e legalmente, e axudar así a evita-la súa degradación ou desaparición.

### CONDICIÓN IDÓNEAS PARA AS VISITAS

As visitas de Grupos Escolares de calquera nivel deben anunciarse con antelación (Telf.: 982 - 314 - 255. Fax: 982 - 314 - 194. Correo electrónico: [museo@aaviladonga.es](mailto:museo@aaviladonga.es). Web: <http://www.aaviladonga.es/ga/padc.htm>), tendo en conta as seguintes normas:

Deben facerse grupos, a poder ser homoxéneos, non superiores a 35/40 persoas, en razón do propio espazo físico do Museo e para favorece-lo aproveitamento didáctico da visita. En caso de que o grupo fose máis numeroso, deben facerse subgrupos, turnándose para ve-lo xacemento uns mentres outros ven o Museo e outros un Vídeo, sempre con cadanseus Profesores responsables.

A título orientativo, pénsese que a visita completa ó Museo pode levar uns 25/30 minutos (e 25 máis se se quere ver un Vídeo), e ó Castro outros 20/25 aproximadamente, podendo reducirse ou ampliarse loxicamente a duración da visita segundo as conveniencias de cada caso.

O Museo abre tódolos días da semana ininterrompidamente de *10 a 20 horas*. As condicións de entrada poden variar conforme á normativa vixente en cada momento, pero en principio a entrada para Grupos Escolares é sempre gratuita solicitándoo ó Museo previamente ou no momento de facela. A visita ó Castro é libre e gratuita en todo momento.

## O XACEMENTO

O Castro de Viladonga (no concello de Castro de Rei, -Lugo-, e situado a 23 Km. ó N.E. de Lugo pola estrada de Asturias, N-640), é un xacemento que ocupa toda a coroa dun monte a 550 m. de altitude, abranguendo unhas 4 hectáreas entre as súas murallas máis exteriores, cunha acrópole ou croa central duns 100 x 95 m. nos seus eixos.

É un verdadeiro modelo formal de Castro, pois ten murallas, foxos, croa e antecastros. A súa monumentalidade e os achados producidos casualmente (coma un torques de ouro aparecido en 1911), induciron a que desde 1971 a 1978 se realizasen en Viladonga escavacións e traballos arqueolóxicos, poñendo ó descuberto varias estruturas de habitación na croa así coma defensivas e doutro tipo. A partir de 1982 continuáronse os traballos no Castro, limpando, consolidando e proseguindo as escavacións arqueolóxicas.

Entre os achados producidos poden destacarse: ferramentas e armas de ferro, de pedra e de bronce (algunhas únicas na súa tipoloxía), unha gran cantidade e variedade de apliques, broches, fíbulas e febillas, arcos de cabalería, así como todo tipo de útiles, outro torques de ouro, contas de colar, un anel de ouro e outros de acibeche e bronce, dous áureos do emperador Arcadio (entre numerosas moedas como antoninianos, *semisses*, e *folles* de bronce dos s.III e IV), dous taboleiros de xogo e, por suposto, unha gran abundancia de cerámica de tradición castrexa, amáis de común romana e *terra sigillata* (cerámica de mesa romana, - sudgálica, hispánica e tardía -), así coma innumerables tégalas e ímbrices das cubertas das construcións, outras das cales levaban a cubrición de palla ou colmo.

Estes materiais, e as estruturas defensivas e de habitación coñecidas, evidencian un asentamento continuado e duradeiro, importante sobre todo en época galaico-romana tardía (s.III ó V d.C.), e fan deste Castro un sitio clave para estudar, entender e coñece-lo desenrolo e evolución da Cultura Castrexa despois da conquista romana do Noroeste. Trátase, pois, dun Castro que coñece o seu auxe precisamente na etapa galaico-romana, pero conservando estruturas e materiais de tradición anterior, é dicir, dos castros da Idade do Ferro, tal como sucede noutros xacementos galegos (castros de Elviña, Sta.Trega, S.Cibrán de Las, etc.).

## O MUSEO : CONTIDO E EXPOSICIÓN

A importancia arqueolóxica e o interese histórico do Castro de Viladonga, máila cantidade e a calidade dos materiais aparecidos, e a necesidade de investigalos e expoñelos no seu propio contexto, fixeron que o Ministerio de Cultura crease en 1983 o **Museo Monográfico do Castro de Viladonga**, nun edificio que fora construído entre 1976 e 1978. O seu acondicionamento, instalación e montaxe fixéronse en 1985-1986, abríndose ó público en novembro deste último ano.

Entre 1992 e 1994 realizáronse importantes obras de ampliación e reforma, con dotación dun novo edificio a continuación do xa existente. A súa xestión corresponde á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

O **Museo do Castro de Viladonga** ten que cumpri-las funcións conservadora, investigadora, didáctica e comunicativa que corresponden a este tipo de entidades.

Cara ó público o Museo está estruturado en catro Salas:

A *Sala I (Medio Natural e Hábitat)* amosa aspectos relacionados co medio natural no que se insire o xacemento; informa sobre o posible nivel prerromano do Castro, e explica a disposición e tipo de defensas, a organización do poboado, os tipos de construcións e os seus elementos. Poden verse materiais como quicieiras, pesas de colmo (cuberta vexetal), tellas curvas e planas, e incluso claves. Todo isto expónse por medio de paneis, vitrinas e unha maqueta volumétrica, que facilitan a comprensión da ocupación do espazo no Castro e todo o relacionado coas súas construcións.

A *Sala II (Cultura material - 1)* adícase ós elementos da vida común e da cultura material no Castro de Viladonga e, por extensión, na Cultura Castrexa e Galaico-romana: útiles e ferramentas de pedra, ferro e bronce, materiais domésticos como a cerámica castrexa e romana (e dentro desta, a común de cociña e de mesa e a "terra sigillata"), muíños manuais, armas e outros obxectos e instrumentos diversos.

Nesta Sala pode verse unha gran maqueta que reconstrúe o conxunto do poboado castrexo.

A *Sala III (Cultura material -2- e Crenzas)* mostra os obxectos de vidro, adornos e apliques para persoas e cabalerías, xoias e aderezos, moedas (de ouro, prata e, sobre todo, de bronce), xogos, amuletos e outros materiais de feitura e uso moi diverso.

A *Sala de Información Complementaria* resume a historia e o plan do Museo, e os traballos arqueolóxicos realizados no Castro desde 1971. Tamén pode atoparse nesta Sala, información global sobre a Cultura Castrexa, a época Galaico-romana, e sobre o contorno arqueolóxico do Castro de Viladonga. Todo isto ilústrase con mapas, deseños e fotografías, e unha pequena vitrina contén materiais arqueolóxicos da comarca.

Ademais desta parte expositiva, existe unha *Sala de Actos* para a proxección de audiovisuais e vídeos, ou para conferencias, podendo tamén usarse como aula. Habitualmente hai Vídeos sobre a Cultura dos Castros, dispoñibles para ver nesta Sala.

## **BIBLIOGRAFÍA (A fundamental para o Castro e o Museo de Viladonga)**

\* M.CHAMOSO LAMAS: "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados", *Actas del Coloquio sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo 1977, p.41-46.

\* F.S.LÓPEZ GÓMEZ: "O folklore do Castro de Viladonga e da súa bisbarra", *Actas del XV Congreso Arqueológico Nacional (Lugo 1977)*, Zaragoza 1979, p.623-630.

\* J.M.CAAMAÑO GESTO-J.R.LÓPEZ RODRÍGUEZ: "Sigillatas del Castro de Viladonga", *Gallaecia*, 7-8, 1984, p.138-178.

\* F.ARIAS VILAS: *Castro de Viladonga.Campaña 1983* (Arqueoloxía.Memorias 2), Santiago de Compostela, 1985, 54 páxs.

- \* *Castro de Viladonga* (folleto, Ministerio de Cultura), Lugo 1989.
- \* F.ARIAS VILAS: "O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)", *Coloquios Galegos de Museos*, Ourense-Vigo 1992, p.43-54.
- \* F.ARIAS VILAS / M<sup>c</sup>.DURÁN FUENTES: *Museo do Castro de Viladonga* (Castro de Rei, Lugo) (guía), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 1996.
- \* F.ARIAS VILAS: "Comunicación, didáctica e acción cultural. O caso do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)", *Administracións Autonómicas e Museos. Cara a un modelo racional de xestión*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 1997, p.225-253.
- \* *CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, (anual, desde 1991).
- \* *e-Castrexo. Publicación electrónica para a divulgación das culturas castrexa e galaico-romana*. (<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga>)

### **Bibliografía sobre Didáctica nos Museos Arqueolóxicos:**

- \* A.GARCÍA BLANCO: *Didáctica del Museo. El descubrimiento de los objetos*, (Ed. de la Torre), Madrid 1988.
- \* M<sup>a</sup>C.FERNÁNDEZ OCHOA et aliae: *Arqueología. Enseñar desde las raíces de la Historia*, (Narcea de Ediciones-Inst.de Estudios Pedagógicos Somosaguas), Madrid 1990.
- \* VV.AA.: *Los Museos en la Didáctica* (Cuadernos IBER, nº 15, enero 1998), (Graó de Educación), Barcelona 1998.

### **NOTA ADICIONAL**

Outros lugares susceptibles de visita na mesma ruta ou comarca:

- Lugo (Muralla, Catedral, Museo...)
- Lagos de Teixeira-Monte Labio (área recreativa)
- Fonmiñá (río Miño), Meira (Mosteiro cisterciense), Pedregal de Irimia (nacemento río Miño)
- Cara ó Norte: Mondoñedo (Catedral e Museo Diocesano, casco histórico), e Vilanova de Lourenzá (Mosteiro e Museo de Arte Sacra)
- Cara ó Oeste, por Lugo: Sta.Eulalia de Bóveda (Monumento romano), Museo Etnográfico e Histórico de San Paio de Narla, Sobrado dos Monxes (Mosteiro), Cidadela (Campamento romano en escavación), etc.
- Cara ó Leste e Nordeste: Os Fornos da Pontenova-Vilaodríz (arqueoloxía industrial), conxuntos etnográficos de Taramundi e Os

Oscos, Museo Etnográfico da Fonsagrada, Castro de Chao Sanmartín (en escavación) e Museo Etnográfico de Grandas de Salime, etc.

\* Existe unha *Ruta de Senderismo* sinalizada (*Ruta do río Azúmara*), duns 7'5 km., entre o Castro de Viladonga e a vila de Castro de Rei, pasando polo Monte Cordal, beiras do río, muíños, canles e túnel de antigas minas, etc.

### Esquema cronolóxico aproximado da PREHISTORIA E HISTORIA ANTIGA DE GALICIA

|   |   |
|---|---|
| <b>PALEOLÍTICO</b><br>(ate 8.000 - 7.000 a.C.)                                  | Inferior<br>Medio<br>Superior   |
| <b>EPIPALEOLÍTICO/MESOLÍTICO</b> (ca.7.000 - 5.000 a.C.)                        |   |
| <b>NEOLÍTICO</b><br>Megalitismo<br>(mámoas...)                                  | ca. 3.000 a 1.800 a.C.<br>de 2.100 a 1.800 a.C.: primeira metalurxia<br>(Calcolítico/Eneolítico/Cultura Vaso Campaniforme -cobre,<br>primeiro ouro)   |
| <b>IDADE DO BRONCE</b>  | Bronce Inicial (Cobre): 1.900/1.800 a 1.500 a.C.<br><br>Bronce Medio: 1.500 a 1.100 a.C. (contactos con Centroeuropa,<br>primeira ourivería...)<br><br>Bronce Final (Atlántico): 1.000 a 600 a.C., remata coa transición á<br>Idade do Ferro / primeiros castros...   |
| <b>ARTE RUPESTRE</b>  | Petroglifos (gravados nas penas) segundo os tipos : animais e<br>armas, máis antigos (Bronce); circulares e labirintos, máis recentes<br>(Ferro); outros, incluso medievais   |
| <b>IDADE DO FERRO</b>   | Castrexo I (s.VII - V a.C., transición Bronce-Ferro): chegada de<br>influencias Cultura Castrexa centroeuropeas (célticas e menos<br>célticas), e mediterráneas<br><br>Castrexo II (s.IV - II a.C., cultura dos castros característica):<br>asimilación entre os elementos indíxenas e os aportes exteriores<br><br>Castrexo III (final s.II a.C. - comezos s.I d.C.): expedicións<br>romanas: 137 a.C., Décimo Xunio Bruto / 60 a.C. Xulio César / 29-<br>19 a.C., conquista romana do N.O. por Augusto. |
| <b>GALAICO-<br/>ROMANA</b><br>en parte, tamén,<br>Castrexa<br>Romanización...   | Altoimperial: s.I - II d.C. (Castrexo III/IV ata fins s.I d.C.:<br>organización CULTURA político-territorial, explotación<br>económica...<br><br>Baixoimperial(tardorromana): s.III - V d.C.: plena romanización<br>latinización e, logo, cristianización...  |
| Chegada de pobos xermánicos: comezos do s.V, Suevos; finais do s.VI, Visigodos. |   |